



Ilmo. Concello
De
Ribadavia

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 14 DE ABRIL DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día sete de abril de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández, estando tamén presente a Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, coa inclusión dun primeiro punto omitido pola redacción da acta do Secretario mediante a cal a Xunta de Goberno Local en data de sete de Abril de 2008 procedía a rectificación do acordo de data 3/03/2008 relativa a escritos oficiais na que se poñía en coñecemento da Xunta de Goberno Local a doación feita por Dona Dolores Juste Pardo, Don Juan Antonio Juste Pardo e Dona Maria Juste Pardo dun inmovible situado na Porta Nova de Abaixo nº 11 desta vila . Así onde dicía:

“Escrito polo que ponse en coñecemento da Xunta de Goberno Local doación feita por Dona Dolores Juste Pardo, Don Juan Antonio Juste Pardo e Dona Maria Juste Pardo dun inmovible situado na Porta Nova de Abaixo nº 11 desta vila”.

Debe decir:

“Escrito polo que ponse en coñecemento da Xunta de Goberno Local doación feita por Dona Dolores Juste Pardo, Don Juan Antonio Juste Pardo e Dona Maria Juste Pardo dun inmovible situado na Porta Nova de Abaixo nº 11 desta vila, aceptando a Xunta de Goberno a citada doación e comprometéndose a realizar os trámites legais oportunos”

2.- OBRAS MAIORES.-

1.- EXPEDIENTE 1294-SC.

“Visto o escrito de D. Francisco J. Alvarez Martínez de data 25 de febreiro de 2008 con rexistro de entrada 1294 onde solicita licenza para facer muro de contención con bloques da parcela nº 90, polígono 58 a fin de evitar derrumbamento de terra.

Visto o informe do arquitecto técnico municipal de data 28 /03/ 2008 no que se fan as seguintes consideracións:

- 1.- A finca está situada en solo rústico, regulado polo art. 31 e seguintes da LOUGA.
 - 2.- Na categoría que establece o art. 32-categorías 2-a) Solo Rústico de Protección Agropecuaria.
 - 3.- O desnivel e consecuente o talud, deberase estabilizar acopiando terras contra este de forma que se eviten os desprendimentos e manteñan o perfil do resto do terreo.
- Visto o informe de Secretaria onde se fan as seguintes consideración:

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1.-A este respecto debemos partir da previsión do art. 195 parágrafo 3º da lei 9/2002 que establece que se exceptúa da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores, considerándose como menores aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade constructiva e económica que non supoña alteración do volume, do uso, das instalacións e servicios de uso común ou do número de vivendas de locais, nin afecten ao deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalación de toda clase. Así mesmo establece que en ningún caso se entederan como obras menores os **muros de contención**.

2.- Por outra banda a xurisprudencia do STS entende que son obras menores aquelas caracterizadas por ser de sencilla técnica e escasa entidade constructiva e económica consistindo normalmente en pequenas obras de simple reparación, ornato, ou encerramento que non precisan de proxecto firmado por provisionais titulados nin de orzamentos elevados (STS do 21 de Febreiro de 1984).

3.- En base a argumentación exposta partindo do principio de xerarquia normativa polo cal prevalece a lei sobre a xurisprudencia, en principio a licenza para construción de muro de contención sería unha licenza de obra maior que precisaría de proxecto técnico.

4.- Como se desprende do informe técnico o solo sobre o que se solicita a licenza está clasificado como solo rústico de protección agropecuaria polo cal conforme o artigo 33 apartado i podería realizarse determinados cerramentos, concretamente cerramento ou valado de previos nas condicións establecidas no artigo 42.1c, das que compre salientar as seguintes:

a.- As características estéticas e constructivas e os materiais cores e acabados serán acordes ca paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno, en tal sentido, para o acabado das edificacións empregárase a pedra ou outros materiais tradicionais propios da zona en casos xustificadas polo calidade arquitectónica da edificación poderán empregarse outros materiais acordes cos valores naturais coas paisaxe rural e coas edificacións tradicionais do contorno.

b.- Os tratamentos e valados serán preferentemente vexetais sen que o realizados co material opaco de fábrica superen altura dun metro agás en parcelas edificadas onde poderán acadar 1,50 metros, en todo caso débense realizar con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen non permitíndose o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determinen.

Non obstante do informe técnico se deduce que “o desnivel e consecuente o talud se deba estabilizar acopiando terras contra este de forma que se eviten os desprendimentos e se manteña o perfil do resto do terreo” , do que se deduce a imposibilidade de conceder o proceder o outorgamento do cerramento solicitado

CONCLUSIÓNS

En base a argumentación anteriormente exposta infórmase desfavorablemente o outorgamento de licenza para muro de contención.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade en base os informes urbanísticos incluídos no expediente denegar a licenza para facer muro de contención con bloques a D. Francisco J. Alvarez Martínez con domicilio en Prexigueiro , localidade Ribadavia, por ser contraria a súa solicitude a normativa urbanística

2.-EXPEDIENTE 6709-ON.

“A Xunta de Goberno Local vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión da licenza de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: reforma de baixo para dúas vivendas e locais.

Contía na que se orzan as obras: 91.309,45€

Situación e emprazamento das obras: Avda. Rodríguez de la Fuente, Ribadavia.

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: Don Luis A. Chao Gómez.

Nome ou razón social do promotor: Construcciones López Carballal, S.L.

Prazos: O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate dun (1) ano, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Tendo en conta que con data 19.12.07, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 1.864,48 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 71.710,87 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, coincidindo coa contía xa aboada.

Outras condicións: As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente. Deberá cumprir as medidas correctoras contidas na documentación técnica presentada, tendo que cumprir as seguintes cautelas:

1.-Uso Residencial:

En el presente Proyecto, se plantea un cambio de uso y ampliación del uso residencial existente en el edificio. construcción de dos viviendas con cambio de uso

Proyectando dos viviendas situadas en la fachada posterior, o línea interior, y manteniendo las zonas comunes con su ampliación necesaria para dar acceso a los nuevos usos residenciales.

Programa que se plantea:

Vivienda 1 de 78,35 m2. de S.C.

Vivienda 2 de 86,71 m2. de S.C.

Local 1 de 152,11 m2. de S.C.

Local 2 de 141,84 m2. de S.C.

Portal de 69,54 m2. de S.C.

Transformador de 8,02 m2. de S.C.

Según datos que figuran en proyecto.

2.- Rasante:

Se deberá aportar plano que represente la rasante actual en su frontal respecto a la acera y calzada.

Plano EA-02. La rasante representada no se corresponde con la realidad existente y datos que constan en los antecedentes administrativos del trámite de la Licencia de Primera Ocupación.

El local original “Local 2”, según planos, presenta un desnivel, se tendrá que representar y resolver de existir o corregir.

3.-Ruido. La coexistencia de usos diferente en la planta baja donde se pretende la construcción de dos viviendas, ocupando solamente parte de la planta y manteniendo el futuro uso comercial para el resto de la planta baja, debiendo exigirse en el futuro, que a las actividades compatibles a instalar acrediten esta compatibilidad por corrección de sus efectos sobre el uso residencial.

En cualquier caso, la implantación requerirá el cumplimiento de la exigencias de las nuevas normativas que le sean de aplicación.

El cumplimiento de la NBE-CA-88 deberá supeditar a lo exigible por el Decreto 320/2002, de 7 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento que establece las Ordenanzas Tipo sobre Protección contra la Contaminación Acústica.

La ficha justificativa, deberá ser corregida con los valores que señala el Art. 23.

Deberá aportar los detalles constructivos de las particiones, tabiquería y demás elementos de compartimentación.

Así como lo señalado en el Art. 25, para la tramitación del Certificado de Fin de Obra, así como disposiciones concurrentes.

4.-Alineación interior.

El cambio de uso propuesto, no podrá variar la alineación interior, debiendo platear los aprovechamientos dentro del sólido capaz existente.

No se deberán admitir los tendederos situados sobre la terraza posterior.

Las viviendas no podrán sobrepasar la línea de fondo de edificación residencial, 20,00 metros.

Debendo, cumprir as condicións referidas nos informes técnico e xurídico, amais de proceder o depósito da fianza en forma reglamentaria de 1.500,00 €. Para responder de posibles danos na vía pública frontal, tal e como sinala o punto 4.4 do informe técnico de 24 de xaneiro.

5.-Código técnico:

5.1. DB-HE. Ahorro Energético:

Es de aplicación en su totalidad.

Son aplicables y deberá justificar de forma pormenorizada las exigencias básicas, Art.15.

Debiendo platear la contribución solar mínima de agua caliente sanitaria.

Así como demás extremos de exigencias básicas.

El proyecto plantea un sistema de tarifa nocturna, sistema que entre otras cosas, es contradictorio con los planos aportados.

Plano IG-01, nº 12.

5.2. DB-HS. Salubridad.

Deberá justificar en referencia a las exigencias básicas.

Salidas de ventilación en cubiertas con su representación gráfica, cumpliendo lo que se señala en la figura 3.5 (3.2.4) y concurrentes de HS-3.

Justificar punto 3 de 3.1 de HS-3.

Especificará ventilación directamente con el exterior.

Sistema complementario. (aberturas de admisión)

5.3. DB-SI. Justificara la resistencia al fuego según se establece en la tabla 1.2 de los elementos constructivos de delimitación. (Uso residencial nuevo respecto otros usos)

5.4. Calificación eficiencia energética. Cumplimentado el DB-HE, se justificara su cumplimiento correspondiente.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIUDADÁNS.

1º.- ESCRITO DO SR. CAMILO RODRIGUEZ ALONSO.

O Sr. Don Camilo Rodriguez Alonso con DNI nº 33.019.847 pon en coñecemento da Xunta de Goberno a súa indignación polos ruidos derivados dos bares de copas sitos nas Ruas Merelles, Caula nº 12, Rodriguez Moure nº 8 e 10 e Praza da Magdalena nº 6 e a pasividade do grupo de goberno para adoptar calquera tipo de medida, polo cal se ve na obriga de acudir

a vía xudicial (Fiscalía Especial contra o Medio Ambiente do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia e Outras Entidades Administrativas)

2º.- ESCRITO DO SR. LUIS ORERO GRANDAL.

O Sr. Don Luis Orero Grandal pon en coñecemento da Xunta de Goberno que como técnico-arqueólogo encargado da dirección do Control Arqueolóxico no Castelo dos Sarmentos en Ribadavia, que os traballos arqueolóxicos iniciados o pasado 28 de novembro, remataron o día 11 de abril.

A actividade realizada afectaba a “Eliminación de recheos en terrazas exteriores e alxibe”. Esta intervención contaba coa oportuna autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e o código do proxecto é CD 102A 2007/595-O

3º.- ACOMETIDAS DE AUGA.

“Visto o escrito presentado por **Don Carlos Lamas Rojo**, con domicilio na rúa Camiño Cabrita de Abaixo nº 12, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **Don Federico Pumares Vázquez**, con domicilio na Crta. N-120, nº 3, P2-3ºF, Ribadavia no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **Don Camilo Araujo Alvarez**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 9-2º, Ribadavia no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **Don Luis Alvarez Iglesias**, con domicilio na Rúa Progreso nº 20/ Banda Lira 12-14-16-18, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso de obra, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo

subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **Const. Hermanos Carrajo, S.A.**, con domicilio en Rectoral de Sampaio, Sampaio, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso de obra, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **Consellería de Traballo(Oficina de Emprego de Ribadavia)**, con domicilio na Rúa Ribeiro nº 13, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

1.- Resolución da Dirección Xeral de Formación e colocación da Consellería de Traballo de data 25 de marzo de 2008 e con data de R.E. 2/04/2008 pola que se procede a dar de baixa a entidade Concello de Ribadavia como centro asociado ao Servizo Público de Emprego de Galicia.

2.- Resolución do Ministerio de Medio Ambiente (“Confederación Hidrográfica do Norte) con data R.E. 5/04/2008 pola que autoriza exclusivamente dentro do ambito competencial do Organismo de Cuenca á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes a execución das obras de autorización para o “Acondicionamento das estradas OU-402. Tramo de Castrelo de Miño-Ponte Castrelo e OU-403. Tramo Ponte Castrelo-Valdepereira- Ponte sobre o río Miño” na A Ponte- Santa María e Santa Cristina -Santo Domingo, termos municipais de Castrelo de Miño e Ribadavia. A información queda suxeita o cumprimento dunha serie de condicións xerais e particulares e outorgase un réxime de recursos contra a presente resolución en caso de verse afectado o Concello de Ribadavia poderá interpoñer contra a Confederación Hidrográfica do Norte.

3.- Resolución de Dona Celina Matías Bertolo Delegada de Patrimonio e Urbanismo de Asturias e Galicia con data de R.E. 2/04/2008 pola que se remiten dous exemplares orixinais do documento de concesión administrativa para realizar cruces de tubería para suministro de auga nos PP.KK.69/607,69/846 e 70/640 da linea Monforte-Vigo, T.M. de Ribadavia xunto coa liquidación corresponde o ano en curso, rogando cunha vez abonada a citada liquidación e firmadas tódalas follas do documento de concesión administrativa se lle remintan os dous exemplares xunto co xustificante do abono.

A Xunta toma coñecemento acordando remitir o expediente ó departamento de Intervención para seguir o procedemento e realizar as actuacións legais oportunas.

4.- Resolución da Consellería de Cultura e Deporte con data de R.E. 5/04/2008 polo que se lle remite o Concello de Ribadavia un exemplar do convenio entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Ribadavia co fin de facilitarlle a biblioteca pública municipal axencia da lectura, soporte técnico no acceso a internet e á biblioteca electrónica, cumpridamente asinado pola Sra. Concelleira.

5.- Resultado de análise das mostras de auga para consumo público no municipio correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2008 e mes de decembro de 2007 realizados pola empresa Aqualia que ademais procede tamén a remisión das análises da EDAR de Francelos dos meses de xaneiro e febreiro de 2008

6.- Resolución de D. Ismael Fernández Pérez Secretario da Xunta Cualificadora Provincial pertencente ó Instituto Galego de Vivenda e Solo pola que se achega ó Concello de Ribadavia relación definitiva firme de adxudicatarios de vpp vacante no seu Concello e para a que se estivo a seguir o procedemento de adxudicación establecido no decreto 257/204, unha vez resolta pola Xunta Cualificadora Provincial o recurso interposto por Antonio Lage Durán.

7.- Resolución de Dona Carmen Rodríguez Dacosta da Delegación Provincial Servizo de Formación e Colocación da Consellería de Traballo con data de R.E. de 11/04/2008 pola que se achega o Concello aprobación de expediente na que se especifican os cursos de Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional concedidos a esta entidade e os recursos que proceden contra dita resolución . O Concello de Ribadavia deberá presentar a maior urxencia posible a petición de candidatos para a selección de alumnos no modelo oficial incluído na guía informativa, achegando tamén a seguinte documentación: impreso plan docente, impreso de certificado de inicio e guía informativa.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CONVENIO DE COLABORACIÓN

Por parte do concelleiro delegado de deportes D. Anxo Collarte propónse a colaboración dun convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e a empresa de fisioterapia CORPORE mediante o cal os abonados dos Servicio Municipal de Deportes poderían acceder á servizos de fisioterapia así como asesoramento e atención os técnicos dos Servicio Municipal de deportes, accedendo tanto o público como os técnicos a prezos inferiores ás tarifas oficiais e supoñendo un custo cero para o Concello de Ribadavia ao tempo que se presta servizos de interese para o cidadán a prezos mais baixos das tarifas oficiais.

A Xunta de Goberno Local deliverado sobre o particular acorda deixar sobre a mesa o punto para un estudio máis concienzudo do mesmo.

PRORROGA DO CONTRATO

Por parte do Secretario dase conta da solicitude de prorroga do contrato de residuos sólidos urbanos solicitada por D. José Cabanelas Carvelo en calidade de administrador xerente da sociedade CONGALLE con CIF B32147613 e domicilio e San Cibrao das Viñas, provincia de Ourense.

No expediente consta informe de intervención no que se fan as seguintes condideracions:

a.- No orzamento xeral aprobado para o exercicio 2008 para o Concello de Ribadavia na partida orzamentaria 227.227.06 121, existe consignación suficiente para autorizar o gasto obxecto da contratación

Consta informe xurídico no que se fan as seguintes consideracións:

CONSIDERACIONES XURÍDICAS

1ª.- Para determinar o prazo de duración do contrato coas conseguíntes prórrogas deben analizarse o prego de cláusulas administrativas particulares posto que como sinala a Xunta Consultiva de contratación administrativa e a xurisprudencia do Tribunal Supremo este ten a consideración de "LEX CONTRACTUS", o cal non implica que os pregos poidan ir en contra da normativa legal do Texto Refundido do 2000 pois en caso contrario se estaría tentando contra o principio de xerarquía normativa.

Así no caso concreto e respecto da duración do contrato a cláusula quinta do prego de cláusulas administrativas particulares establece que a duración do contrato de xestión de servizos públicos, modalidade concesión fíxase nun ano que se computará dende a data de levantamento da acta de iniciación do servizo, establecéndose tamén que mediante acordo expreso entre as partes adoptado cun máximo de dous meses de antelación o vencemento do contrato este poderá ser obxecto de prórroga por anualidades sucesivas sen que en ningún caso poida exceder de catro anos de duración.

2ª.- Respecto a duración do prazo dun ano computado dende a data de levantamento da acta de iniciación do servizo no expediente non consta a citada acta, de xeito que entendemos que o computo do prazo comenzaría a contar den o día de formalización do mesmo de acordo co previsto no artigo 54 do TR 2/2000 posto que é nese momento cando ambas partes firman e consinten unha serie de dereitos e obrigas. A data de formalización do contrato e de 1 de xuño do 2006 pola cal o contrato sería prorrogable ata 1 de xuño do 2010.

3ª.- Na cláusula quinta do prego se esixe tamén un acordo entre ámbalas dúas partes cunha antelación de dous meses o vencemento do contrato de cara a autorización da correspondente prórroga, requisito que non entendemos cumprido posto que a solicitude debeu efectuarse o un de abril e non obstante a mesma figura no rexistro de entrada con data de 8 de abril do 2008. En calqueira caso non debemos esquecer que a XCCA permite as prórrogas tácitas sempre que as mesmas se estean executando dentro dos prazos legais, punto de vista lóxico posto que en caso contrario estaría produciendo un enriquecemento inxusto da administración que debería ser obxecto de compensación ao contratista adxudicatario.

4ª.- No eido económico precísase a correspondente fiscalización do gasto por parte da intervención de acordo cas previsións do artigo 67 do texto refundido do 2/2000 sendo a consecuencia da omisión da correspondente retención de crédito a prevista no artigo 62.1c no citado texto

CONCLUSIÓN

Infórmase favorablemente a prórroga do contrato de recollida de residuos sólidos urbanos cunha duración máxima ata 1 de xuño do 2010, debendo convocarse a partires desta data nova licitación pública.

Deliberado sobre o particular Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade conceder a prorroga do contrato de concesión administrativa dos servizos de recollidas dos servizos solidos urbanos e recolida selectiva monomaterial de papel cartón a favor da empresa CONGALLE S.L. con domicilio no Poligono comercial Barreiro, Rua C-nº 12, 32915 San Cibrao das Viñas, Ourense, por un prazo de duración dun ano (ata 1 de Xullo do 2009).

APROBACIÓN DE BASES SELECCIÓN PERSONAL LABORAL

Por parte do Sr. Alcalde D. Marcos Blanco Jorge propónse a Xunta de Goberno Local a aprobación de bases para a selección de persoal laboral temporal a través de contrato de obra ou servizo determinado para a OMIX e para peón xardiñeiro.

No expediente consta unha porposta xenérica de aprobación de bases co seguinte contido:

1.- OBXECTO.

O obxecto das presentes bases é a selección mediante o sistema de concurso de persoal laboral temporal, mediante contrato de obra ou servizo determinado para peón xardiñeiro de persoal laboral temporal ó servizo do Concello de Ribadavia.

As remuneracións por todo-os conceptos dos traballadores que se contraten será a que le corresponda según o convenio colectivo para o persoal laboral ó servizo do Concello de Ribadavia ou en función da subvención estipulada na orde que regula a mesma.

O horario será o do convenio laboral ou o que figure nas bases de convocatoria de subvención.

2.- FUNCIONS.

Os aspirantes seleccionados terán como función levar a cabo as actividades e obxectivos que se especifiquen no contrato de traballo.

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar na selección será preciso cumpri-los seguintes requisitos específicos:

1.- Posuí-la nacionalidade española ou a dun Estado membro da Unión Europea ou do espazo económico europeo, u obستا-lo dereito á libre circulación de traballadores conforme ó Tratado da Unión Europea.

2.- Ter cumpridos 18 anos, salvo que a normativa ou subvención dispoña outra cousa.

3.- Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvendo das correspondientes funcións.

4.- Non estar separado do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas

5.- Posuí-la titulación esixida par acceder á praza convocada, concretamente certificado escolar.

6.- Estar en posesión dos títulos profesionais, carnés ou certificados que se esixan e habiliten para unha determinada profesión, oficio ou cometido.

Os requisitos deberán cumprirse na data na que remate o prazo de presentación das instancias e que estean debidamente xustificadas.

4.- SISTEMA DE SELECCION.

A selección realizarase mediante o sistema de concurso a través de convocatoria específica no que se valorarán os méritos presentados polos aspirantes de conformidade co recollido nestas bases que se publiquen para cada caso no taboleiro de anuncios do Concello.

5.- DOCUMENTACION E PRAZO PARA A PRESENTACION DAS SOLICITUDES.

As solicitudes formalizaranse nas instancias que se adxuntan a estas bases xerais e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concelo ou remitilas por calqueira dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, no prazo de seis días hábiles, comenzando a computarse dito prazo a partir do días seguinte ó da publicación do anuncio nun diario de difusión provincial, -prazo que, por urxencia xustificada, poderá verse reducido-, achegándose a seguinte documentación:

- Copia cotexada do D.N.I. ou documento que proceda para os extranxeiros.*
- Copia cotexada da titulación académica, así como dos títulos, carnés ou certificacións profesionais que se esixan.*
- Documentos acreditativos dos periodos de inscrición como demandante de emprego na oficina pública de emprego, así como informe da vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificación negativa da vida laboral.*
- Declaración de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño do posto de traballo.*
- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e cotexada de cada un deles.*

En ningún caso, se admitirán nin se valorarán os méritos non xustificadas, ou presentados unha vez rematado o prazo de entrega de solicitudes.

6.- BAREMO XERAL DE MERITOS

O baremo aplicado na valoración de méritos xerais será o seguinte:

1.- Circunstancias persoais.-

- Por cada ano de residencia neste Concello (acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar): 0,20 puntos, ata un máximo de 1 punto.

- Por cada mes acreditado como desempregado/a, por medio do documento acreditativo dos períodos de inscrición como demandante de emprego: 0,02 puntos, ata un máximo de 1 punto.

- Por cada fillo ó seu cargo, menor de 25 anos, sen ingresos, que conviva no domicilio do solicitante 0,20 puntos con un máximo de 0,60 puntos (Acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar)

- Por cada fillo ó seu cargo, maior de 25 anos, sen ingresos, que conviva no domicilio do solicitante 0,10 puntos con un máximo de 0,30 puntos (Acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar)

- *Por servicios voluntarios prestados á Comunidade a traves de organizacións, fundacións ou institucións recoñecidas oficialmente: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,10 puntos.*

2.- Experiencia profesional.-

- *Por servicios prestados no Concello de Ribadavia na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.*

- *Por servicios prestados noutras Administracións Públicas na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.*

- *Por servicios prestados en empresas privadas na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.*

- *Por prácticas profesionais relacionadas coa actividade: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.*

3.- Formación especializada.-

Por cada curso de formación, perfeccionamiento ou xornadas impartidas polas Administracións Públicas, Universidades, Oficinas de Emprego, Formación Ocupacional ou Continua e demás centros oficiais, relacionados coas funcións propias da categoría, ata un máximo de 2 puntos, baremado do seguinte modo:

- *Cursos de ata 30 horas: 0,10 puntos/curso, ata un máximo de 0,40 puntos*

- *Cursos de ata 100 horas: 0,15 puntos/curso, ata un máximo de 0,60 puntos*

- *Cursos de mais de 100 horas: 0,20 puntos/curso, ata un máximo de 0,80 puntos*

- *Por xornadas: 0,05 puntos/xornada, ata un máximo de 0,20 puntos.*

Tódolos cursos e xornadas realizados teñen que estar directamente relacionados coas funcións que se desenvolven.

4.- Titulación:

Por titulación superior a esixida para o desempeño do posto:

1. Por titulación académica.

Por título académico superior ó esixido, da mesma rama e especialidade, valorarase o grao superior acreditado con 0,50 puntos

2. Por outras titulacións.

Títulos ou certificados profesionais, carnés, superiores ós esixidos e expedidos por organismos oficiais, pero da mesma rama e especialidade, valorarse o grao superior acreditado con 0,50 puntos.

Polo recoñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):

- *Curso de iniciación ó galego: 0,20 puntos*

- *Curso de perfeccionamento: 0,30 puntos*

- *Curso de especialización: 0,50 puntos*

As probas teóricas e/ou prácticas, valoraranse cunha puntuación máxima de 7 puntos por cada proba, as cáles poderan consistir:

1.- Realización de traballos prácticos propios do posto o que se refire a convocatoria.

2.- Exercicios culturais en función do nivel de titulación esixida.

3.- *Contestación a preguntas sobre temas incluídos no anexo que se xuntará a convocatoria.*

7.- *TRIBUNAL CALIFICADOR.-*

O Tribunal que terá como función a valoración dos méritos alegados polos aspirantes, estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Un funcionario do Concello designado polo Alcalde

SECRETARIO: O Secretario do Concello ou funcionario no que delegue.

VOCAIS: -Funcionario ou persoal laboral fixo do Concello deignado polo Alcalde.

-Funcionario ou persoal laboral fixo desingnado polo Alcalde, coa mesma titulación que a praza/as obxecto da convocatoria.

-Funcionario ou persoal laboral fixo, designado pola Alcaldía a proposta da Xunta de Persoal Laboral do Concello.

O Tribunal non poderá actuar ou constituirse wen a presenza da maioría dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do secretario.

Os funcionarios ou persoal laboral designado deberá ter a mesma titulación que a praza/as da convocatoria.

No caso que non haxa funcionarios ou persoal laboral fixo no Concello con coñecementos específicos das prazas convocadas, poderá solicitarse o nomeamento de funcionarios/persoal laboral fixo a outros Concellos, Deputación ou Xunta de Galicia.

O tribunal, sempre que o considere necesario e con carácter excepcional, poderá designar asesores con coñecementos específicos relativos as prazas convocadas, sendo as súas funcións de asesoramento o tribunal de valoración e sen dereito a voto.

8.- *PROCEDEMENTO DE SELECCION.*

O Tribunal valorará a documentación presentada de acordo co baremo de méritos xerais que figuran nas presentes bases, así como dos que en cada caso se prevexan nas bases específicas que se aproben para a convocatoria.

Por resolución da Alcaldía aprobarse a lista de admitidos e excluídos ó concurso, que se fixara no Tableiro de anuncios do Concello de Ribadavia, concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións subsanacións de erros ou aportación de documentación complementaria.

En dito Taboleiro tamén aparecera a data de realización das probas teóricas e/ou prácticas, relacionadas co contido da praza que se convoque, para valora-la idoneidade, motivación e adecuación ó posto de traballo.

O cuarto día natural (ou ó posterior hábil seguinte para o caso de tratarse dun festivo), a contar dende que se puxo no taboleiro a lista de admitidos - en caso de non facer falta probas teóricas e/ou prácticas- ou a contar dende que se realicen ditas probas, reunirase o Tribunal para a valoración dos méritos e das probas, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos aspirantes que fosen declarados seleccionados.

O Tribunal formulará proposta de contratación en número que non exceda das prazas a cubrir sen prexuízo de que nas bases específicas se poida propoñer formar unha bolsa de traballo así coma o período de duración da mesma cos aspirantes non seleccionados.

9.- NOMEAMENTO E FORMALIZACION DE CONTRATOS.

A proposta do Tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

O acordo que adopte a Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, para coñecemento de tódolos aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

Os contratos serán formalizados polo Sr. Alcalde.

DISPOSICION FINAL.

As presentes bases entrarán en vigor o día seguinte da súa aprobación polo órgano competente

Consta informe de intervención do que se deduce o seguinte:

- 1.- Existe consignación orzamentaria na partida 432.131.00 (peón xardiñeiro) e 322.131.00 (responsable OMIX), para autorizar o gasto obxecto da contratación.
- 2.- Que no anexo de persoal no orzamento xeral para o exercicio 2008 constan entre outras as seguintes prazas:
 - Peón Xardiñeiro; temporal; 6 meses; Fondos propios.
 - Responsable OMIX; Temporal; 3 meses; Fondos propios.

Figura incluído informe de secretaria no que se fan as seguintes matizacións :

CONSIDERACIONES XURÍDICAS

1ª.- O artigo 61.7 da Lei 7/2007 establece que os sistemas selectivos do persoal laboral serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior e no seu caso o concurso de valoración de meritos.

2ª.- O artigo 61 parágrafo 6º establece que respecto dos funcionarios de carreira os sistemas selectivos serán os de oposición e os de concurso-oposición, pudiéndose aplicar o sistema de concurso con carácter excepcional e só a través de norma con rango de lei. Ambos artigos de conformidade coa disposición final primeira da citada lei teñen a consideración de lexislación básica, a dicir de obrigado cumprimento para todas as Administracións Públicas.

3ª.- Por outra banda o artigo 2 do RD 896/91 establece como norma xeral de acceso a oposición salvo que pola natureza das prazas sexa máis adecuada o sistema de concurso-oposición ou concurso, a cal en calquera caso debería ir acompañada da suficiente motivación, precepto que tamén ten carácter básico en base a disposición final 1ª do citado RD.

4ª.- Así se entendemos que o acceso ao Emprego Público debe estar guiada polos principios recollidos no artigo 103.3 da Constitución e dicir igualdade, merito e

capacidade e que o artigo 61 parágrafo 6º limita o sistema de concurso a norma con rango de lei, parecería moi inxusto que os laborais puidieran acceder mediante concurso e os funcionarios tivesen vetada dita posibilidade polo que entendo que só a través dunha clara motivación das circunstancias concurrentes podería utilizarse o sistema de concurso para a selección de persoal laboral temporal, pois aínda que esta posibilidade esta amparada polo artigo 61 parágrafo 7º da lei 7/2007 parece claramente contraria a normativa constitucional.

5ª.- Respecto do baremo xeral de meritos do apartado 6º da convocatoria no referente a os aspectos relativos a circunstancias persoais valorase a residencia no Concello de Ribadavia, e a prestación de servizos no Concello de Ribadavia, ademais de prestación de servizos a Comunidade, (entendemos que a de Ribadavia) o cal o considero contrario ao principio de Igualdade do artigo 103.3 e 23.2 da Constitución, establecendo diferentes sentenzas do Tribunal Constitucional que as regras do procedemento para o acceso deben establecerse en termos xerais e abstractos e non mediante referencias individualizadas e concretas (SSTC 48/98 de 2 de marzo e 138/2000 de 29 de maio). Establecendo outras sentenzas do TC que non poden establecerse requisitos para acceder as funcións públicas que teñan carácter discriminatorio, como parece ser o caso (SSTC 73/98 e 99/99).

6ª.- Respecto do tribunal cualificador debería procederse a composición do mesmo aplicando o artigo 60 da lei 7/2007 que no seu parágrafo 2ª establece que o persoal de elección ou asignación política os funcionarios interinos e o persoal eventual non podrán formar parte dos órganos de selección.

7ª.- Debería concretarse o tipo de contrato que se vai a utilizar dos previstos no estatuto dos traballadores e ademais do prazo de duración do mesmo e das precepcións económicas que vai recibir o traballador.

CONCLUSIÓNS

En base os argumentos esgrimidos anteriormente informase favorablemente a aprobación das bases da selección sempre que se corrixa os aspectos reflectidos anteriormente no informe.

A Xunta de Goberno Local, a pesares do informe de Secretaría acorda proceder a aprobación das bases para a selección de persoal laboral temporal para o departamento da OMIX e Peón Xardiñeiro coas concrecións precisas previstas no apartado 10 das Bases Xerais e quedando remitida a concreción do tribunal a un momento posterior da lista definitiva de admitidos excluídos que deberá adaptarse o art. 60 da Lei 7/07 do Estatuto Básico do Empregado Público.

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

AYSE S.A., accións de Formación, Programa Equal Avia Crea Futuro, por importe de 8.100 euros.

AYSE S.A., accións de Formación, Programa Equal Avia Crea Futuro, por importe de 4.471,50 euros.

AYSE S.A., accións de Formación, Programa Equal Avia Crea Futuro, por importe de 3.132 euros.

CRIA S.L., acción 3, Programa Equal Avia Crea Futuro, por importe de 12.000 euros.

PROXECTO CONSULTORIA, Observatorio Local de Emprego, Programa Equal Avia Crea Futuro, por importe de 4.780 euros.

GRAFICAS RODI., Publicación Red Emprendia, Programa Equal Avia Crea Futuro, por importe de 4.500 euros.

AYSE S.A., acción conxunta, Xerencias Asistidas, Programa Equal Avia Crea Futuro, por importe de 39.600 euros.

AYSE S.A., acción conxunta, Programa Mentoring, Programa Equal Avia Crea Futuro, por importe de 73.360 euros.

AYSE S.A., acción conxunta, Xerencias Asistidas, Programa Equal Avia Crea Futuro, por importe de 17.600 euros.

AYSE S.A., acción conxunta, Rede de Cooperación de Mulleres, Programa Equal Avia Crea Futuro, por importe de 17.600 euros.

AYSE S.A., acción conxunta, Publicacións, Programa Equal Avia Crea Futuro, por importe de 18.000 euros.

AYSE S.A., acción conxunta, Servicio de Promoción de P.E.M.E.S., Programa Equal Avia Crea Futuro, por importe de 47.591,81 euros.

ECONET S.A., Avaliación Externa Transnacional, Programa Equal Avia Crea Futuro, por importe de 3.500 euros.

ECONET S.A., Avaliación Externa nacional, Programa Equal Avia Crea Futuro, por importe de 7.500 euros.

Segundo.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

AYSE S.A., acción 2.4, Formación de Técnicos do proxecto Equal Avia Crea Futuro, por importe de 6.225 euros.

AYSE S.A., acción 3.3.3, Desenvolvemento de autoestima para mulleres do proxecto Equal Avia Crea Futuro, por importe de 3.780 euros.

AYSE S.A., acción 3.4.1, Programa de Mentoring do proxecto Equal Avia Crea Futuro, por importe de 7.560 euros.

AYSE S.A., acción 3.6. Rede de Cooperación de Mulleres Empresariais, por importe de 17.400 euros.

GRUPO CLAVE CONSULTORES S.A., acción 5.1., Servizo de Promoción de Pequenas Empresas do proxecto Avia Crea Futuro, por importe de 35.356,49 euros.

Terceiro.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

REINTEGRO PROGRAMA EQUAL AVIA CREA FUTURO.-

Tendo en conta as cantidades aboadas polo Ministerio de Traballo relativa a xustificación económica presentada do Programa Equal “Avia Crea Futuro”, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda reembolsar as seguintes cantidades os Concellos e entidades participantes:

Concello de Carballiño: 46.862,88 euros.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº1/08.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº1 /08, por importe de 223.074,25 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, o cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO